


A.E.G.

Número 2. Ano I. 15 Pesos. Publicada pola "A.E.G." e fotocopiada por Xose.



i ROCK NO IBM!

EDITORIAL



Malia todo, aquí tede-lo segundo número desta revista "A.E.G.". Moito traballiño dou, a verdade.

Pero agora xa está, e xa podeades volver a desfrutar cas 16 páxinas que parece que se van facendo fixas.

Neste número ides botar de menos seccións que na primeira revista resultaron pouco exitosas, pero compensamos con traballos máis amplos dos temas máis interesantes.

O que máis vos poderá chamar a atención é o amplo traballo que fixemos sobre os grupos aos que pertencen alumnos do IBM. Sangue e suor fixeron falla pra que os podédes ler. Pensamos tamén seguirlle-los pasos a todos eles pra os próximos números.

Lembramos tamén a apoteose do ENTROIDO '96 e agardamos que os próximos acontecementos resulten, cando menos, igual de espetaculares... nós xa nos encargaremos de chamar á TVG.

Ale, a disfrutar ca letura.

A familia medra, e agora xa somos uns cantos máis.

"Asociación de Estudiantes por Galiza"

Mákina, Joaquín, Roberto, Patricia, Martita, Begoña, Kampos, David, Fran, Simón, Antía, Bernardo, Jessica, Anabel, Fon, César, Lidia, Pipo, Sabela, Sara V., Pablo V., Xulía, Yosi, Sara M., Abelardo, Carmen, Meetball, Carlota, Job, Raúl, etc.

Por se vos interesa, os socios seguen pagando vinte pesos cada mes máis vinte que xa pagaron por darse le alta.

Graciñas a :

Biblioteca Municipal de Mugardos, Xose (o bedel, pola súa axuda imprescindible), á Dirección do IBM, ao APA dúas veces (unha polo número anterior que non a puxemos... desculpen), a X.Manuel, a Mekelús (que non sei quen é), á Agrupación Bestarruza, a Eiravedra, Lakón con Grelos, Dragón Peta, Eskizo Rock e Seth (polas biografías), e a todos que estén lendo esta revista.

SUMARIO

EDITORIAL	2
DIA DAS LETRAS GALEGAS	3
- Xesus Ferro Couselo	
COLABORACIONES	4
- X.Manuel	
- Actuacións da APA	
- "Maruxías de sangue"	
BUZON DO ESTUDANTE	6
NATUREZA	7
- O desastre do "Aegean Sea"	
ENTROIDO 1996	8
- Unha festa poderosa	
DEPORTES	10
- Remo	
- Selección Galega ¡Xa!	
MUSICA	12
- Eiravedra	
- Lakón con grelos	
- Dragón Peta	
- Eskizo Rock	
- Seth	
MILI KK	14

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

XESUS FERRO COUSELO (1906-1975) sostivo durante a súa vida, un apaixonado esforzo pra preservar da ruína ou do esquecemento os tesouros históricos e artísticos, dos cales foi un divulgador entusiasta. Adicoulle algúns estudos lingüísticos ao idioma galego que, sen dúbida, é a herdanza máis valiosa que nos chegou ao longo dos séculos; por iso hoxe, as institucións culturais réndenlle homenaxe aínda que a súa obra escrita so represente unha pequena parte da súa inmensa aportación á cultura do noso país.

O 30 de Xuño de 1906 nace Xesús Ferro Couselo en Louro, Concello de Valga.

Mentres cursa os estudos primarios xorden as mobilizacións agrarias en toda Galiza. No 1918 ingresa no seminario de Santiago e no 1931 licénciase en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, onde entra en contacto co "Seminario de Estudos Galegos". E tamén por aquel entón cando abandoa a carreira eclesiástica.

Xa durante a Segunda República instálase en Vigo, onde traballará como profesor. Nese mesmo ano (1931) asiste á reunión fundacional do Partido Galeguista.

No curso 1934-35 incorpórase ao Instituto de Tui como profesor de filosofía.

No 1935 afíliase aos grupos galeguistas Utreya e no 1936 asiste á terceira asemblea das mocidades galeguistas. En Xuño dese mesmo ano prodúcese o levantamento popular, que o sorprende en Madrid nas oposicións de cátedras de Instituto. No 1939 ao remate da guerra, Ferro Couselo regresa a Galiza.

Participou en Vigo na asemblea de 1943 pra a reconstrución do Partido Galeguista, no 1948 formou parte da organización do "Patronato Rosalía de Castro" do que foi designado secretario, no 1951 ingresa na Real Academia Galega e no 1953 asina a propos-

ta de Fernández del Riego pra que dita academia institúa a celebración anual do Día das Letras Galegas.

Participou na fundación da Agrupación Cultural Auriense, da que foi elixido presidente, e nas actividades adicadas a F.Cuevillas no Día das Letras Galegas do 1968. Preparou a exposición bibliográfica instalada no "Museo Arqueolóxico" de Ourense, participou tamén na creación do "Ateneo" de Ourense e dirixe, xunto con Xaquín Lorenzo, as excavacións arqueolóxicas de Castroma.

No 1969 é nomeado Conselleiro de Belas Artes da provincia de Ourense e no 1972 recibe a Encomenda de Afonso X "O Sabio".

Morre en Ourense o 23 de Abril do 1975 e catro anos máis tarde, o Concello de Ourense concédelle o título de Fillo Adoptivo da Cidade.

A SUA OBRA :

Publicou os seus primeiros artigos en "Logos" no 1931. No 1946 presenta na Universidade de Madrid a súa tese de doutoramento acerca dos petroglifos.

Ao longo da súa vida promove e dirixe diversas revistas, colabourando con estudos e artigos noutras.

Nas publicacións estuda os petroglifos, polos que amosa un grande interese; as orixes da Galiza, sobre todo de Ourense; e estuda tamén a vida e fala dos devanceiros e os documentos galegos dos séculos XIII ao XVI.

Colabourou nos libros de homenaxe a Cuevillas e a Otero Pedrayo, e pro-



COLABORACIONES

Agora que me dispoño a escribir o texto que Antía, amablemente, me ofreceu para a vosa revista A.E.G., lembro que cando me mostrou un exemplar, pensei: "... Coma os electrodomésticos". Penseino en voz alta e Antía axiña me sacou de dúbidas: -Son as siglas de Asociación de Estudiantes por Galiza"-díxome.

Eu xa non son un estudante coma vos nin o parezo, pero góstame sentirme coma tal e agradezo ó destino e a vos, esta metáfora romántica.

Aproveitando este tirón vou deixarme ir:

As letras, tódalas letras, son delicadas, fráxiles coma bolboretas e agradecen o bó trato; mesmo se asañan, coma os paxariños no niño, se non se lles trata con tento.

As Letras Galegas son unha especie, se cabe, aínda máis delicada pola súa condición de fillas non desexadas; ou alomenos, se non queremos ser tan duros, son letras desarraigadas dos seus seres queridos. As súas irmás vestíronse de gasas e transparencias e deixáronse levar polos amores interesados de desaprensivos con poder e arrecuncharon ás galegas neste rompeondas que é Galicia e tentaron deixalas esmorecer co frío e coa humidade.

A nós, os que amamos de verdade ás Letras Galegas, cómprenos acariñalas, buscalas onde se agochen, collelas coas dúas mans e achegalas ó corazón para darlles calor. Hai que enchelas de bicos ata que ergan a cabeza e recuperen a presenza e a firmeza doutros tempos.

As nosas letras teñen que volver a formar parte do terceiro nivel das letras que é o primeiro, posto que ten que ver co pracer e a leducia. As Letras Galegas, coma tódalas letras, pasan primeiro por un nivel tan necesario coma

aburrido, o nivel mecánico; logo, pasan polo nivel comprensivo, non necesariamente alegre; e por último a vontade, non a forza de vontade, senón a vontade libre de adxetivos, lévate deica o derradeiro paso

vontade, senón a vontade libre de adxetivos, lévate deica o derradeiro paso, lévate deica a lectura pracenteira. Este debe ser o obxectivo, penso eu, de toda lingua: que ademais de servir como medio de comunicación entre as xentes dunha comunidade, sirva tamén coma divertimento.

Os galegos, que tanto en mecánica coma en comprensión, xa imos feitos, cómprenos agora divertirnos e pasalo ben lendo e escribindo e demostrando aos demais que é posible facelo coas Letras Galegas coma con calquera outra.

O camiño que vós emprendistes é, dende logo, unha das millores maneiras de chegar a conseguilo. A meta aínda está lonxe pero se os xóvenes demostrades que o galego é unha vía, a millor vía, para contar as vosas inquiredanzas, para falar da vosa música, da vosa indumentaria, dos vosos libros, para pedir unha hamburguesa ou unha Coca-Cola, para ligar con garantías porque o galego é agarimoso e queda pegado no oído toda a noite..., para todo iso, dariades un paso xigante deica a normalización de uso. Eu ben sei que isto xa o sabedes e a proba está no soporte onde se instalan estas liñas, nesta revista á cal lle dou a benvida e lle desexo unha longa vida. Estou seguro de que con ela conseguiredes que o pracer se instale no idioma e iso non hai que o pare, porque xunto ao pracer viaxan as multitudes e estas definen de maneira inequívoca a saúde dun idioma.

¡Dadelle forte!

Graciñas pola colaboración e que teñades sorte.

X.Manuel

ACTUACIONES ATA A DATA DA ASOCIACION DE PAIS.

- Negociación do transporte escolar con IASA.
 - Asistencia ás reunións convocadas pola A.Ferrolterra, sobre a problemática existente na comarca relacionada ca falta de infraestrutura en F.P. e recortes presupuestarios que se aveciñan, xunto co Sindicato de Alumnos.
 - Asemblea Xeral cos pais.
 - Colaboración na celebración do Magosto.
 - Organización e realización dos Intercentros Deportivos.
 - Compra de material deportivo para os intercentros.
 - Colaboración na celebración do Entroido.
 - Subvención á Asociación de Estudantes por Galiza para a primeira revista.
 - Diversas reunións ca Directiva do Instituto e representante do alumnado para a confección do Regulamento de Réxime Interno.
 - Petición ao Concello sobre o pintado dun paso de peatóns, construción das beirarrúas e contenedores de lixo e papel reciclado.
 - Compra da enciclopedia e libros da colección "National Geography".
 - Solicitudes de subvencións á Deputación e aos Concellos.
 - Asistencia ao primeiro Congreso da Escola Galega na Coruña.
 - Colaboración ca compra de obsequios no Concurso matemático de Polinomios, organizado polos alumnos de primeiro de B.U.P. e a profesora.
 - Colaboración cos profesores no Intercambio dinamarqués, ca entrega dunhas sudadeiras de agasallo, así coma o pago dunha comida na cafetería do Instituto.
 - Subvención aos alumnos socios participantes na excursión de 3º de B.U.P.
 - Celebración do Día da Letras Galegas, con premios para os gañadores dos concursos de carteis, poesía e relatos curtos.
- Todo isto por un importe dunhas 495.550 pesetas.

"Maruxías de sangue"

Sinto o medo nas ribeiras de penuria
cando arde o mar ao lonxe
en chamas de frío metal.


A brétema foxe do berro do vento
ou foxe cecais do solpor;
mentres a barca ancorada non chora,
cordas de nostalxia aférranme ó chan
e os meus ollos réndense ó ceo.

Mil corvos de silencio
agochan a dor do sal nas feridas.

¿Cántas maruxías máis de sangue
sen saber que fago eiquí?

BUZON DO ESTUDANTE

DE SIMBOLOS E IDEOLOXIAS.
(Unha interpretación)

Dende comenzos de curso cara hoxe veño observando a cantidade de insignias e debuxos que levamos toda a xente nos carteces e as que a cotío aparecen pintadas nas mesas, nas portas, as que levamos impresas na camiseta,... E de cando en vez dou en preguntarme que nos tempos parado a pensar que é o que significa a estrela bermella de cinco puntas da boina do Che Guevara, ou se verdadeiramente quen leva a  cre que simboliza só "fago o que me peta" ou ten atrás algo máis coherente do que explicaba aquel colega que se declaraba abertamente anarquista e a fin de contas matino que sabía menos de Bakunin menos do que eu, que quitei un menos de un 4 no exame deste tema.

Coido que se a maioría de nós soubéramos as orixes e os significados acertados desta simboloxía, plantexaríamos usala dun xeito moi diferente e menos frívolo, xa que en moitos casos está moi lonxe da forma de pensar e actuar de quen as ostenta. Nen gusto de criticar nen de ser criticado, pero preguntome se quen leva a estrela do Che sabe que é un símbolo comunista, de liberdade nacionalista; tamén se saben algo máis de Marx que o seu nome. Tamén penso se a maioría dos anarquistas deste Instituto, escoitando os apelidos de Durriti, Kropotkin, Malatesta, Mella e o mesmo Bakunin son quen de asocialos, como Antón Reixa, con algo máis que o sector "Bakuno/vacuno"...

Dende logo está claro que as influencias donche a hostia, pero, analizando positivamente, podo decatarme de que (aínda sen entender moito) a xente leva unha insignia como mostra da necesidade de cambio cara un mundo menos atado e máis aberto no que non estar dende o principio predestinado a vivir nunha sociedade pechada na que queren que cada un sexamos nada máis que un elo dunha cadea, e por riba, competitiva;

unha sociedade na que o principal é a economía en lugar do gozo da liberdade (persoal ou colectiva) no pouco tempo que temos pra disfrutar dela.

Aínda así, se a xente nova estamos divididos entre integrarnos nun sistema que non nos gusta ou combatir por cambialo, o que nunca entenderei será aos "cortitos" que ostentan cruces gamadas e demais simboloxía fascista...

BERNARDO MAÍZ.

Veño observando que dende que comezou o curso tanto as circulares que manda o Instituto coma os papeis xustificantes que se utilizan ou os que recentemente se diron co motivo da excursión a Monfero presentan un desperdicio de espacio increíble.

Podería parecer unha pequenez, nembargantes, pensen o papel que se aforraría se os papeis que se utilizan pra xustificar as faltas foran de medio folio, ou se os papeis pra autorizar a excursions fosen dun tercio do folio...

Non é problema de cartos, xa que con isto o Instituto demostra que folios non faltan, pero tanto derroche de papel paréceme tan pouco ecolóxico como innecesario, sobre todo nos tempos en que vivimos.

ANÓNIMO GARCÍA.

Son unha alumna deste Instituto que lle está moi agradecida á dirección por aportarlle tanta axuda para o día do festexo do "Día das Letras Galegas". Primeiro, como dixeran antes pola axuda aportada e, segundo por asistir á charla que se dou a partir das 17.30 da tarde. Penso que o menos que se podería facer sería asistir a ela, aínda que fora só para dar bon exemplo.

ANÓNIMA GARCÍA

NATUREZA

Eu lembrome daquel día moi ben. Saín da casa cara ao Instituto e todo era normal, máis cando tocou a serea pra comenza-lo primeiro recreo o ambiente notábase excitado e saímos a fora. Unha des-comunal fumareda viña da Coruña, xa non lembro o que pensei que era, pero enseguida oímos rumores dalgo "dun barco encallado". O día converteuse nunha especie de festa.

Un par de horas máis tarde saímos do instituto ata o peirao, como moita outra xente que ía cara algures... o día xa era algo raro.

Achegámonos á lancha e logo fumos por detras da casa do reloxo. Foi alí onde vimos por primeira vez o petróleo. Quedámonos abraiados, diso sí que me lembro, ao ver esa capa espesa de graxa ou chocolate bañando as rochas, pero ningún dos cinco que eramos nos fixo gracia algunha.

Era un 3 de Decembro. Supoño que coma eu, todo o mundo cando chegou a casa o primeiro que fixo foi acender a tele. O primeiro que eu vin foi unha reportaxe sobre o desastre do 12 de Maio do 1976 cando o Urquiola inundaba de petróleo a costa coruñesa.

Logo comezaron a chega-las imaxes da moura Torre de Hércules, dos barcos laranxas coas barreiras de contención, e entón apareceu a primeira imaxe dun Chanteiro penoso, irreconocible, e comezamos a toma-la cousa moito máis enserio do que ata entón.

O "Aegean Sea" vertera ao mar parte das 79.341 toneladas de crú transportadas dende Escocia que afectarían a 2000 gaivotas, corvos mariños, araos,...e ata 50 especies distintas.

Pero, posiblemente, quenes máis estaban a sufrir con estas imaxes eran as xentes que estaban vendo que o seu medio de subsistencia enchíase de negro. Os mariñeiros estiveron ata seis meses sen sair ao mar e as perdas no negocio do marisco, que so no 1991 xerara 5000 millóns de pesetas, tomaban proporcións incalculables.

En Mugar dos un camión cisterna traballaba arreo pra limpa-lo peirao dos grumos e de todo o crú que pasara as barreiras e que formaba unha capa de dez centímetros por riba da auga. Tanto as mariscadoras coma os furtivos facían unha pausa obrigada que sacudiría de xeito máis grave, posiblemente, aos "sen carné" e todo o mundo botaba as mans á cabeza e preguntábase como puidera ser e como se puido permitir cousa á maneira.

Simplemente, aconteceu, e cousas deste tipo seguirán acontecendo porque este país é así e punto.



ENTROI

ENTROIDO '96 : UNH


Foi a nosa primeira vez que saíu todo a pedir case todo.

A verdade é que e todo tipo de spray

A festa foi apoteósica, os convidados chegaban e cad e máis. As do APA nun buga vermello sas e saborosas bo parar aos nosos ba minutos.

E chegou o concerto o clímax cando os entoaron o "Soy he teccemento tomou ni por fin soaron as Himno Galego.

En fin, un día que de toda unha xeraci



NIN O CAMPIONATO DO MUNDO FOI TAN EMOCIONANTE COMO OS PARTIDOS QUE SE XOGARON DURANTE O VENRES. ISO SÍ, A "A.E.G." NON TIVO NADA QUE VER NA SÚA ORGANIZACION. NON NOS COLGAMOS MEDALLAS.



UN CONCERTO DUNHA FORZA E INTENSIDADE INMENSAS, CON PÚBLICO QUE NON CABÍA NO SALON DE ACTOS, COMO PODEMOS VER NA FOTOGRAFIA... AGARDABAN ACASO AOS DRAGÓN PETA? TRANQUILOS... TODO CHEGA.



QUE SERIA NOSA SEN AS NOSAS NAIAS. AHÍ I BOLAS (MENTRES DURARON). DENDE ELQU CONOZA O SEU TRABALLO. ¡GRACIAS MANA

DO 1996

A FESTA PODEROSA.


ira carallada e
de boca, bueno...

estaban prohibidos
s, pero xa víchedes.

ósica, os entroi-
a vez eran máis
apareceron entón
cargado de inmen-
las que foron
ndullos en escasos

to, a apoteose e
"Huéspedes Felices"
avy", pero o acon-
veis épicos cando
primeiras notas do

marcará as vidas
ón.



¿UN ENTROIDO SEN ENTROIDIÑOS? ¡NI HARTO! NON SE PODÍA ANDAR POLOS PASILLOS DE TANTO DISFRAZ... E DE TANTO SPRAY COMO SOLTARON.

ESTAN ELAS: AS DO A.P.A. E AS
TENTAMOS QUE SE LLES RE-

DEPORTES

REMO

É un dos deportes máis completos. Nel traballas con todo o corpo e mesmo estimula-los reflexos, esixe concentración e concordancia cos teus compañeiros.

O remo é un deporte duro xa que non só entrenas no mar senón que tamén en terra, saíndo a correr e facendo pesas. Tamén esixe moita dedicación xa que entrenas case toda a semana.

Ten varias modalidades:

- Banco fixo e banco móvil.

Dentro do banco móvil inclúese remo olímpico (skif, sculls,...) e yolas.

O banco fixo practícase case exclusivamente no norte de España (Asturias, Cantabria), o País Basco e Galiza. Nestes sitios tamén se practica o banco móvil.

Hoxe en día en Galiza hai un nivel moi alto den remeiros; no Campionato de España de bateis celebrado en Avilés hai pouquiño tempo trouxemos a meirande parte das medallas, incluso en senior, xa que o Ferillo sacoulle ao clube dominante, o Orio do País Basco, a medalla de ouro.

En banco fixo distínguense tres modalidades:

- Batel: é a embarcación máis pequena. Consta de catro remeiros e o patrón, denominándose de popa a proa patrón, popel, 2º popel, 2º proel e proel. Ten unha eslora de 7 m. e un peso mínimo de 70 kg. As súas competicións celébranse en tódalas categorías tanto feminino como masculino.

- Traineriña: é a embarcación mediana. Consta de seis remeiros mailo patrón. Denominados de popa a proa: patrón, popel, 2º popel, 3º popel, 3º proel, 2º proel e proel. Ten unha eslora de 9'50 m. e un peso superior a 100 kg. As competicións so se celebran para as categorías masculinas xuvenil, senior cun percorrido de 3500 m. en 4 largos e 3 ciabogas.



- Traiña: é a proba raiña. É a embarcación máis longa, con 12 m. de eslora e cun peso superior aos 200 kg. Está composta por doce remeiros dispostos en parellas e un proel ou "pica" que é o encargado de saca-la pica nas ciabogas. A pica é un remo de pequenas dimensións que o proel utiliza para axudar ao patrón a virar a embarcación. Logo de dala virada gardaa e segue remando. En total son 13 remeiros mailo patrón. As competicións so se celebran para a categoría masculina de senior sobre un percorrido de 5536 m. repartidos en catro largos e tres ciabogas.

As categorías de remo masculino so: alevín, infantil, cadete, xuvenil, senior e veteranos.

As femininas diferéncianse en que as infantil-cadete reman na mesma tanda, igual que as xuvenís-senior.

Se che gusta o deporte, animate, merece a pena.

SELECCION GALEGA, ¡XA!

Agora que o fútbol galego está arrasando por eses campos de Castela adiante (lembrade que o Deportivo, o Compostela e o Celta están na metade alta da táboa e tres equipos galegos da Segunda B están en postos de promoción)... vai sendo hora de que tódolos afeccionados ao balompé da Galiza unamo-las nosas gorxas e berremos a un tempo iso de ¡Galiza Canival! pra comermonos á selección española que tanto amola.

Dun tempo pra aquí os Siareiros Galegos andiveron perseguindo un único obxectivo: a creación dunha selección galega de fútbol que leve a bandeira da Galiza ben alto mundo adiante. Reuniron sinaturas e organizaron concertos de rock que á vez que aumentaban a expectación e as gañas de ver a Fran, Nacho ou Dani Bouzas ca mesma camisola, crearon un ambiente moi propicio pra o estreno deste novo equipo, que se prevé pra finais deste ano.



Mais non é esta a primeira vez que unha selección galega de xogadores de fútbol se xunta pra xogar un partido. O 19 de novembro do 1922 debutaba a Selección Galega fronte á de Castela e gañaba por 4-1. O primeiro partido internacional xogouse un 7 de xaneiro do 1923 fronte a Lisboa. Tamén venceu a Selección Galega por 3-1. Logo venceu 6-2 a un combinado inglés; 4-1 á selección andaluza e perdía na final do Campionato de España (naquel entón unha fermosa República) por 2-1 fronte a Asturias.

O traxe desta selección era de camisola branca e pantalón azul, pero desapareceu coa chegada de asasiño, fascista e nazi de Franco ao poder.

Nesta nova oportunidade de ver á nosa Selección Galega en acción atopámonos fronte a unha rolada de futbolistas xóvenes increíble. Vexamos se non:

Porteiros.

Alex (Deportivo) e Márquez (Raio Vallecana). Buyo non porque é facha.

Defensas.


Nacho (Compostela), Otero (Valencia), Viqueira (Deportivo), Tomás (Atlético) e Lema (Raio V.)

trocampistas.

Carlos, Vicente e Michel (Celta), Fran (Deportivo), Toni, Xose Ramón e Mauro (Compostela) e Marcos Vales (Sporting).

Dianteiros.

Dani Bouzas (Sporting), Quico (Salamanca), Losada (Oviedo), Soto e Mosquera (Valladolid), Braulio, David e Maikel (Deportivo) e Juanito (Racing de Ferrol).



MUSICA

EIRAVEDRA

O grupo folk "Eiravedra" fundouse no ano 1990 co fin de divulgar a música tradicional.

A idea de crear esta formación naceu de Miguel Doval, e despois de comentarlle-la a un grupo de amigos puxéron-se mans á obra.

O comezo, coma case sempre, foi bastante duro, pero co apoio de familiares e amigos e coa tenacidade dos propios compoñentes, "Eiravedra" saiu a diante e comezaron a xurdi-los primeiros froitos que pronto se transformaron en premios tales como:

-Cuarto premio no certame de música folk de Vilagarcía (1992)

-Finalistas do concurso folk "Pelegrín" do Xacobeo'93

-Primeiro premio no certame de música folk de Vilagarcía (1994)

Así mesmo, cabe destacar a presenza no mercado de tres traballos discográficos editados no 1993, 1994 e 1995, íste último está a piques de saír ao mercado.

E falando dos compoñentes, dicir que por "Eiravedra" pasou xa algunha que outra xente, que por motivos de traballo, ou ben por motivos académicos víron-se na obriga de deixa-lo grupo e, polo tanto, cedéron-lle o seu sitio á nova xente, que son:

-Oscar na percusión

-Manuel coa guitarra acústica e frauta traveseira.

-Chus na voz, cunchas e pandeireta

-Santi na percusión

-Juan cos teclados e acordeón

-Miguel coa gaita, frauta e bonzuki

-José Luís coa gaita, frauta e tin-whistle

-Juan no baixo

Finalmente sinalar que en agradecemento ao concello de Narón, o grupo "Eiravedra" toma íste nome en homenaxe a un castro ubicado neste concello.

LAKÓN CON GRELOS

Ista historia comezou no '95 nunha aburridísima clase de matemáticas, onde catro colegas comezaron a facer letras meténdo-se cos seus compañeiros. De ahí surxiu a idea de montar un grupo en plan guai, seguiron a facer letras e comezaron a poñer-lles música.

"Lakón con Grelos" estaría formado por Román (baixo), Rata (guitarra), Simón (bataca) e Máquina (voz). Tentaron montalo en serio un par de veces e por unha cousa ou outra non o diron feito.

O nome do grupo puxéron-llo porque son galegos e porque a maioría das letras son en galego.

-Vai na onda do rock bravú- din eles, -queriamos un nome con personalidade e, ¿hai algo máis galego que un bó prato de lacón con grelos?-

Non fai moito decidiron montalo outra vez (a ver se desta vai a venciada) con algúns cambios na nova formación: Román (baixo), Rata (guitarra), Aitor (guitarra), Tony "Violas" (batería) e Máquina (Voz).



LAKÓN KON GRELOS (DE ESQUERDA A DEREITA): RATA, AITOR, TONY, SURFER E MÁQUINA.



XA OS LOÑECEDES, SON OS DRAGON PETA: CÉSAR (BAIXO), JOAQUÍN (GUITARRA), PÍRUCO (GUITARRA), MEFTBALL (BATACA) E YOSI (GUITARRA).

DRAGON PETA

Parece ser que na semana previa ao "Día das Letras Galegas" extendeuse o rumor de que os Dragón Peta ían tocar no Instituto o Martes 14.

¡Pois non!

Desmentido isto, dicirvos que o grupo mugardeés xa posúe baixo e reanudaron os ensaios que deixaran no outono, e prometen pegar forte con novos temas coma "Hoxe fun á marea" ou o apoteósico "Espinete, el amigo de los niños", así coma os vellos temas "Os bocatas pringosillos do segundo recreo en Chumari" ou o célebre "O novo sistema de taquillas implantado no Instituto por Alfredo polo que pedimo-la súa dimisión".

Se todo vai ben terémolos como grupo estrela no espetacular "I MACROCONCERTO ROCK AEG" que na Asociación estamos proxectando pra fin de curso.



ESKIZO ROCK

Fai catro anos, Ferruco e Agustín decidiron formar un grupo, pero aínda non tiñan moi claro o "como", así que construíron unhas guitarras de madeira e unha batería de lata e comezaron a facer "play-back".

Algo máis tarde, un colega (Diego P. Blanco) deixoulles unha batería coa que ensaiar e non tardaron moito en conseguir guitarras españolas, (unha delas paleada) e comezaron a meter caña sen saber o que tocaban.

Foi no '93 cando se lles uniu Jose, quen lles axudaba a facer máis ruído e o que sería o futuro baixista.

A isas alturas comezaron a pensar un nome pra o grupo e ao final foi "Esquizo-rock" o escollido. Xa tiñan batería, guitarra e amplificador... xa comezaba a coller forma.

Contactaron con bandas máis avanzadas que lles acadaron nova xente pra o grupo, e por fin no '95 atoparon a dous compoñentes que, aínda que non encaixaban co que esperaban, eran do seu mesmo estilo. Quixeron unirse e comezaron a ensaiar.

SETH

Comezaron a facer ruído e intentos de música con dúas guitarras e un teclado, pero non funcionou porque non sabían tocar.

Ao pouco tempo vaise Niko (o teclista) e apareceron Emilio (guitarra) e Román como baixista, que tocaba cunha guitarra porque aínda non tiña o baixo.

Algo despois Emilio abandoa o grupo e coa súa desaparición entra "O Manco" na formación.

O seu primeiro concerto (e último) foi en cándido, onde Julen intentou cantar e se saltou media letra.

-De puta madre, desalojamos aquilo máis rápido que una amenaza de bomba.

Toni, Noro, Román e Chef tentárono de novo, pero o deixa Román porque prefería adicarse á aprendizaxe do baixo. Aínda así tiraron pra adiante e aparece Josito (o baixo humano) e ahí están, dando caña no local de Aitor.

MILIKK

Non podía ser doutro xeito, o movemento nacionalista galego sempre se caracterizou polo seu antimilitarismo, xa recollido nos principios políticos do "Partido Galeguista" da época de Castelao e, xa que logo, contrario a toda dominación imperialista.

Sempre se tivo claro que os exércitos regulares constituían un grupo de presión de cara a manter ordes económicas, políticas e sociais xeralmente inxustas; e o cumprimento do servizo militar obrigatorio (S.M.O.) constituía un mecanismo pra ter controlada a poboación, criar homes non contestatarios, transmisora de valores machistas, etc.



¡NON ÁS CARLERES DO ESTADO ASASINO! ¡NON!
¡NON A MÁG ESCONDE-LOS ERROS DO SISTEMA! ¡NON!
¡NON AO ESTADO TERRORISTA QUE ENCERRA
A QUEN LLE SOBRA E A QUEN LOITA CONTRA EL! ¡NON!
(L.P.R.)



ANJA NIEDRINGHA
ASÍ LLE AGRADECERON A ESTE VOLUNTARIO PORTUGUÉS A SÚA PRESTACIÓN ÁS
COREAS ARMADAS.

Ademais disto, na Galiza o exército hespañol constitue un elemento de forte colonización, xa que está expresamente prohibido falar no noso idioma, incúlcase aos mozos un desprezo ás nacións que hoxe existen no estado e faise constante fincapé no exercito hespañol como garante último na defensa dunha Constitución que dí "La Constitución se fundamenta en la indisoluble unidad de la nación española, patria común e indivisible de todos los españoles" (Art.2) texto que nen sequer recolle un principio democrático fundamental cal é o dereito á autodeterminación das nacións que hoxe forman parte do estado hespañol.

Chegados a iste punto, un conxunto de mozos galegos, arroupados por unha opinión social favorábel á supresión do exército e cunhas profundas convicións do que están a facer, néganse a colaborar co militarismo hespañol arriscándose a unhas penas que poderían chegar a telos seis anos en prisión, (aínda así hoxe na Galiza o número de insubmisos aumenta de xeito constante).

Agrupación Cultural


Bestarruxa

ORGANIZA

Viaxe a Allariz

Premio Europeo á recuperación do patrimonio cultural

Os interesados dirixirse ó local da *Agrupación Cultural Bestarruxa* ubicado no baixo do Centro de Saúde os mércores de 20:00 a 22:00 horas.



TÓDOLOS SABADOS, DE 12:00 A 14:00

A TROPA DA TRALLA

PRA XENTE ARROUTADA CO PEITO DE FERRO.

NO **93'4** RADIO
CORUNA

PORQUE AS COUSAS BONITAS FAN MÁIS JRANDE
O CORASÓN

ESTE ANUNCIO FAINO A "A.E.G." PORQUE LLE DA' A GANA E PORQUE INTERESA PRA OS SEUS OBYETIVOS.

